



(Orde do 12 de maio de 2020 – DOG do 19/05/2020)

Fondo solidario de libros e axudas para a adquisición de libros de texto e material escolar

* Curso 2020/21 *

Datas para presentar a solicitude

Do 20 de maio ata o 19 de xuño
(ámbolos dous incluídos)

Información xeral

a) Fondo solidario para os cursos seguintes:

3º, 4º, 5º e 6º de Ed. Primaria

1º, 2º, 3º e 4º da ESO

O fondo solidario está conformado con libros de texto e material reutilizable procedente do fondo ou adquirido coas axudas para libros no curso 2019/20 e tamén con libros de texto e material doado voluntariamente polas familias.

b) Convocatoria de axudas para adquirir libros de texto alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria e en Ed. Especial

c) Convocatoria de axudas para adquirir material escolar: alumnado de Ed. Primaria, ESO e Ed. Especial.

d) Alumnado de cursos dentro do proxecto E-Dixgal (no noso Centro: 5º e 6º de Ed. Primaria e 1º e 2º de ESO):

- Está excluído da participación no fondo solidario de libros
- Non pode solicitar axudas para adquirir libros de texto
- Si pode solicitar a axuda para adquirir material escolar.

e) Asignación de libros dispoñibles no fondo:

- Por orden inversa á renda per cápita da unidade familiar ata que se agoten as existencias.

Renda per cápita familiar igual ou inferior a 6.000 € 6 libros de texto

Renda per cápita familiar superior a 6.000 € e igual ou inferior a 10.000 € ... 4 libros de texto

- Terá preferencia o alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta de Galicia ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65%

Con independencia da renda 6 libros

f) Cálculo da renda per cápita tendo en conta os **datos a 31 DE DECEMBRO DE 2018** agás nos casos de violencia de xénero.

Tendo en conta a renda do 2018, sumaranse as casillas 435 (base imponible xeral) e 460 (base imponible do aforro) de tódolos membros computables da familia que obteñan ingresos e dividírase entre o número de membros da unidade familiar.


g) Obrigas das persoas beneficiarias:

- Devolver os libros e material recibido do fondo recibido no curso 2019/20 nos prazos que se indican:

7 de xullo de 2020	7 de setembro de 2020
con carácter xeral	para o alumnado da ESO que se teña que examinar en setembro

Queda excluído desta obriga o alumnado ó que se lle concedera axuda para comprar libros (alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria, Educación Especial ou alumnado con necesidades específicas ou discapacidade maior do 65%)

- Conservar en bo estado os libros de texto e o material reutilizable, tanto o que se reciba do fondo solidario como o que se adquira coas axudas, e devolvelos ó final de curso, segundo o caso, en xuño ou en setembro.
- Destinar os importes concedidos ás súas finalidades:



h) Contía das axudas para adquirir libros de texto:

		Renda per cápita familiar	
		Igual ou inferior a 6.000 €	Superior a 6.000 e inferior a 10.000 €
Alumnado de 1º e 2º de Ed. Primaria		210 €	140 €
Alumnado matriculado en Ed. Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65%		275 €	
Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta		O maior correspondente ó ensino e curso no que este matriculado	
Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo	3º a 6º de Ed. Primaria	210 €	140 €
	1º a 4º de ESO	240 €	160 €

i) Sinatura e recollida dos vales. Unha vez que estean xerados os vales, desde o Centro,

Contactarase, vía telefónica ou mediante SMS, coas familias solicitantes para que acudan ó Centro a asinar os vales.

IMPORTANTE: Non se pode xerar de novo o vale en caso de que sexa extraviado pola persoa beneficiaria ou pola librería.

j) Contía das axudas para adquirir material escolar.

		Renda per cápita familiar	
		Igual ou inferior a 6.000 €	Superior a 6.000 e inferior a 10.000 €
Alumnado matriculado en Ed. Primaria ou na ESO		50 €	---
Alumnado matriculado en Ed. Especial ou cunha discapacidade igual ou superior ó 65%		50 €	
Alumnado en situación de garda ou tutela da Xunta		50 €	

1 . SOLICITUDE.

- a) **PRESENCIALMENTE:** Cumprimentar e presentar na Secretaría do centro o ANEXO I que se pode solicitar na secretaría ou ben descargalo no seguinte enlace:

<https://sede.xunta.gal/doc-invia/rest/anexos/23300466>

- A solicitude será única para todos os fillos que estean admitidos no mesmo centro.
- Familias con fillos en diferentes centros, presentarán unha solicitude en cada un dos centros.
- No caso de alumnado que estea pendente de ser admitido noutro centro para o curso 2020/21 presentará a solicitude no centro no que estivo matriculado no curso 2019/20.

- b) **SEDE ELECTRÓNICA:** No caso de dispoñer de Chave 365 ou Certificado dixital, o trámite poderase facer de xeito telemático dende a dirección que se indica e na que tamén se pode atopar un manual de usuario que explicar os pasos a seguir.:

<https://www.edu.xunta.es/fondolibros/>

2. PRAZO DE PRESENTACIÓN.

Dende o 20 de maio ata o 19 de xuño de 2020 (ámbolos dous incluídos)

3. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

- Se a solicitude se fai de xeito presencial:
 - Anexos I e II debidamente cumprimentados e asinados.
 - Fotocopia do libro de familia
 - Sentenza de separación ou divorcio actualizada

A seguinte documentación hai que presentala no suposto de non autorizar ó órgano xestor a que comprobe os datos persoais, familiares, académicos e tributarios. Esta autorización faise nos propios anexos marcando e asinando os apartados correspondentes.

- Declaración da renda correspondente ó ano 2018.
- Grao de discapacidade
- Violencia de xénero
- Situación de acollemento ou de garda/tutela

- Se a solicitude se fai de xeito presencial:

Só no caso de non autorizar ó órgano xestor, deberá achegarse a documentación xustificativa dos datos preferiblemente vía sede electrónica e, opcionalmente, presencialmente no centro educativo.

4. COMUNICACIÓN DOS ESTADOS DAS SOLICITUDES.

Publicarase na páxina web do Centro a listaxe provisional e definitiva de beneficiarios, das axudas concedidas e excluídas, e a relación provisional e definitiva das solicitudes para adquisición de libros e material escolar.

<i>Publicación das listaxes provisionais (EP e ESO)</i>	10 de xullo
<i>Presentación de reclamacións</i>	ata o 12 de xullo
<i>Publicación listaxes definitivas EP (3º a 6º)</i>	20 de xullo
<i>Publicación listaxes definitivas ESO (1º a 4º)</i>	14 de setembro

Máis información sobre o proceso no seguinte enlace:

https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2020/20200519/AnuncioG0534-120520-0003_gl.html